

Bases reguladoras da convocatoria de axudas para o estudo dirixidas ao alumnado da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra

O oficio da cantería é un dos traballos artesanais máis antigos e nobres, e queda constancia da súa importancia na nosa terra ao longo da historia a través de construcións tan singulares coma dolmens, castros, cruceiros etc.

Aínda que esta profesión se foi perdendo pouco a pouco, hoxe en día estase recuperando o traballo de cantería a través de escolas e obradoiros. Así, a Escola de Cantería ten a finalidade de conservar e promover este oficio para colaborar na recuperación do patrimonio cultural.

É por isto que se considera prioritario brindarlle apoio económico mediante o desenvolvemento dunha liña de axudas destinada a cubrir, na medida do posible, as necesidades do alumnado da Escola de Cantería.

En relación co exposto confecciónanse as seguintes bases reguladoras:

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto xeral destas bases o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión das axudas destinadas ao alumnado que realice estudos na Escola de Cantería no curso académico 2018/2019 conducentes á obtención do título de Canteira ou Canteiro e Mestra Canteira ou Mestre Canteiro, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Segunda. Financiamento

A liña de axudas obxecto desta convocatoria terá unha dotación económica de 18.000 €, con cargo á aplicación 18/324.3243.481.00 do vixente Orzamento provincial.

Terceira. Persoas beneficiarias

Poderá solicitar estas axudas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado, no curso académico 2018/19, en estudos presenciais conducentes a obter a titulación de Canteira ou Canteiro e Mestra Canteira ou Mestre Canteiro na Escola de Cantería
- b) Ter cumpridos os 16 anos

Cuarta. Clases e contías das bolsas

As clases e respectivas contías das bolsas da Escola de Cantería para o curso 2018/2019 son as seguintes:

- a) Bolsa básica: 1.000 €

b) Complemento segundo a renda: 370 €

c) Complemento segundo a residencia da ou do estudante: 266 €

A dotación económica para cada persoa beneficiaria está suxeita ao cumprimento dos requisitos da bolsa básica e de cada un dos complementos, cun máximo determinado pola suma das tres.

No caso de non esgotarse o crédito consignado a estas bolsas poderase incrementar a dotación das persoas beneficiarias nunha cantidade igual para todas ata esgotar o crédito orzamentado.

Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da institución provincial admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

Opcionalmente poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos emitidos polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Certificado de residencia
- Nivel de renda da persoa solicitante e de todos os membros computables da unidade familiar relativo ao exercicio fiscal 2017
- Informe de vida laboral actualizado
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de

axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Documentación

Para seren incluídos nesta convocatoria de axudas o alumnado presentará a seguinte documentación:

- Copia do contrato de aluguer, no caso de residir fóra do seu domicilio habitual durante todo o curso escolar
- Declaración das persoas que conforman a unidade familiar coa autorización para a comprobación de datos de identidade, residencia, nivel de renda e vida laboral

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento levaranse a cabo preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo "Instancia xenérica" dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Opcionalmente tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Novena. Publicación de actos

Os resultados provisionais do baremo e a resolución que pon fin ao procedemento publicaranse no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, e tamén na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décima. Instrución do procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento de concesión das bolsas realizaraa a xefa de servizo da Escola de Cantería.
2. Comprenderá as seguintes fases:
 - a. Unha vez presentadas as solicitudes realizarase o estudo e a súa comprobación por parte do servizo instrutor.
 - b. A xefa de servizo elaborará un informe-proposta no que se reflecta a valoración á luz dos criterios de concesión recollidos na base oitava, explicando o sistema de valoración seguido, ordenando as solicitudes por orde decrecente de puntuación e sinalando a axuda que lle corresponde a cada unha delas. Así mesmo, indicaranse as solicitudes desestimadas e a súa motivación.
 - c. A comisión de avaliación estudará o informe-proposta. Neste expediente esta comisión estará formada por:
 - Presidenta: a xefa de servizo da Escola de Cantería
 - Vogais: dúas persoas pertencentes ao profesorado da Escola de Cantería
 - Secretario: o da Deputación de Pontevedra ou a ou o funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue
 - d. Proposta de resolución definitiva. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante para a que se propón a concesión da bolsa e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento.

Décimo primeira. Criterios e forma de concesión

Os criterios para a concesión das bolsas son os seguintes:

- a) Para a adxudicación da bolsa básica teranse que cumprir os requisitos recollidos no punto 3 destas bases reguladoras.
- b) Para a concesión da bolsa terase en conta a renda da unidade familiar. Por iso, non se poderán superar os seguintes límites:
 - Familias de 1 membro: 14.112,00 €
 - Familias de 2 membros: 24.089,00 €
 - Familias de 3 membros: 32.697,00 €
 - Familias de 4 membros: 38.831,00 €
 - Familias de 5 membros: 43.402,00 €
 - Familias de 6 membros: 46.853,00 €
 - Familias de 7 membros: 50.267,00 €
 - Familias de 8 membros: 53.665,00 €

A partir do oitavo membro engadiranse 3.391,00 euros por cada novo membro computable da familia.

A renda familiar obterase por agregación das de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, para o que se terá en conta o exercicio do 2017.

b.1 . Para a determinación da renda seguirase o seguinte procedemento:

- i. Para a dos membros computables que presenten declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas:
 - o Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro
 - o Segundo: deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación
- ii. Para a dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas:
 - o Primeiro: sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro
 - o Segundo: deste resultado restaranse os pagamentos efectuados á conta

b.2. Consideracións:

b.2.1. Conforman a unidade familiar:

- o A persoa solicitante
- o As ou os proxenitores non separados legalmente e, de ser o caso, a titora, titor ou persoa encargada da garda e protección da ou do menor
- o As e os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar ou se son maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade
- o As e os ascendentes que convivan no domicilio familiar
- o A parella da persoa solicitante en situación de matrimonio, unión de feito ou análoga, debidamente xustificada

b.2.2. En caso de divorcio, separación legal ou de feito das ou dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel que non conviva coa persoa que solicita a axuda. A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de matrimonio, unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa nai ou co pai da persoa solicitante tampouco se considerará como membro computable.

b.2.3. En caso de separación ou de divorcio das ou dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambas ou ambos os proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.

b.2.4.- Nos casos en que a persoa solicitante alegue a súa emancipación ou independencia económica, sexa cal sexa o seu estado civil, deberá probar que conta con medios económicos propios suficientes que permitan a independencia. Se os ingresos acreditados resultan inferiores aos gastos soportados considerados indispensables (vivenda, manutención etc.) entenderase como non probada a independencia, polo que para o cálculo da renda para os

efectos desta axuda se computarán os ingresos correspondentes aos membros computables da familia aos que se refire este artigo.

c) Para a adxudicación da bolsa segundo a residencia da ou do estudante a persoa solicitante terá que acreditar a necesidade de residir fóra do seu domicilio habitual durante todo o curso escolar por razóns de distancia, medios de comunicación existentes e horarios lectivos.

Décimo segunda. Resolución

1. Unha vez aceptada, de ser o caso, a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento.

2. A resolución deberá motivarse, quedando acreditados no procedemento os fundamentos da que se adopte.

3. A resolución, ademais de conter a listaxe das persoas solicitantes ás que se lles concede a bolsa, fará constar de maneira expresa, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes.

4. Prazo máximo para resolver e notificar: a resolución do procedemento non poderá exceder os seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou que estea previsto así na normativa da Unión Europea. O prazo contarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.

5. O vencemento do prazo máximo sen que se lles notifique a resolución llexítima as persoas interesadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo terceira. Pagamento

O aboamento das axudas farase efectivo no prazo de 20 días, contados desde a publicación da resolución definitiva, mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria, que deberá estar aberta a nome da ou do bolseiro e, cando se trate de menores, tamén da persoa cuxa representación lle corresponda legalmente en entidades de crédito.

Décimo cuarta. Obrigas das persoas beneficiarias

A presentación da solicitude implica a aceptación destas bases e a obriga de:

a. Acreditar que a persoa solicitante se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e ante a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

b. Someterse ás actuacións de comprobación precisas para verificar o cumprimento das condicións determinantes da concesión da bolsa

c. Seguir con aproveitamento durante o curso académico os estudos con carácter presencial nos que se atope matriculada e non anular a matrícula

Décimo quinta. Modificacións e reintegro das axudas

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo se prevé no artigo 17.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

2. As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

- a. Por obtelas falseando as condicións requiridas
- b. Por non aplicalas para os fins para os que foron concedidas
- c. Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases
- d. Nos demais casos previstos no réxime xurídico das subvencións

Décimo sexta. Natureza e réxime xurídico

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

O seu réxime xurídico axústase ao disposto nestas bases; na LXS e no seu Regulamento (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo); na LSG; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL); na LPACAP; nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2017 e na demais normativa aplicable.

Décimo sétima. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo oitava. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, enviaráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia, e ao público en xeral dada a publicación de actos prevista no punto noveno.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.